

## Comisión Negociadora XVI CCG de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade

O pasado 2 de decembro, celebrouse reunión da Mesa Negociadora do XVI Convenio Colectivo Xeneral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade.

Na reunión, UGT Servizos Públicos volveu manifestar a necesidade de corrixir, no novo convenio colectivo, o artigo 29.2. UGT sempre defendeu unha **táboa salarial única para todos os Centros Especiais de Emprego** independentemente da tipoloxía do mesmo. Dita táboa salarial debería ser a máis alta posible, é dicir, **igualando o salario por arriba**, ben coa do sector, ben coa do convenio da Discapacidade se esta fose a máis alta como ocorre nalgúns ámbitos.

Por outra banda, UGT Servizos Públicos insistiu na súa proposta de que, no futuro convenio colectivo, o **Salario Mínimo Interprofesional debería aplicarse ao salario base** sen absorber outros conceptos.

Ademais, as organizacións sindicais manifestamos a necesidade de incluír **novos perfís profesionais** que actualmente non se recollen como: Orientadores Educativos, Especialistas en Lingua de Signos (asesores xordos) e o Mediador Comunicativo entre outros. Respecto, ao perfil de Intérprete de Lingua de Signos manifestamos que debe estar incluído no persoal complementario titulado.

Así mesmo, dando resposta á interpretación do escrito no vixente artigo 32 do convenio colectivo, **as organizacións patronais**, propuxeron para un período de tres anos, a partir de 2022, para os centros de atención especializada e centros especiais de emprego, os seguintes incrementos salariais:

GRUPO	2022	2023	2024
Grao + Master	1,00%	1,25%	1,25%
Grao	1,00%	1,25%	1,25%
Tecnico Superior	1,00%	1,25%	1,25%



# Informa-t

Técnico	4,00%	3,00%	2,00%
Auxiliar técnico	7,00%	3,00%	2,00%
Operario	10,00%	3,00%	3,00%

Como contraproposta á realizada polo banco patronal, as **organizacións sindicais UGT e CCOO** de forma conxunta, realizamos a seguinte proposta de salarios, ao que engadimos un **incremento de 0,5%** máis para cada un dos tramos do complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional, pasando o **N1 dun 7,5% a un 8%** e o **N2 dun 5,5% a un 6%**.

GRUPO	2022	2023	2024
Grao + Master	1,50%	1,50%	1,50%
Grao	2,00%	1,50%	1,50%
Técnico Superior	2,00%	1,50%	1,50%
Técnico	5,00%	4,00%	2,00%
Auxiliar técnico	3,63%	3,50%	2,00%
Operario	13,50%	3,00%	3,00%

**UGT Servizos Públicos seguirá defendendo a mellora do poder adquisitivo de todos os colectivos de traballadores afectados polo Convenio Colectivo Xeneral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade.**

Sindicato Nacional de Ensino Privado

**XUNTOS PODEMOS MÁIS**